



CONSORCIO DE
SANTIAGO

Newsletter

Xaneiro 2022

ARQUITECTURA E PATRIMONIO |

O Consorcio de Santiago destina 600.000 € ao programa “Terémanter”

O Consorcio ten en marcha unha nova convocatoria do programa “Terémanter”, dirixido á rehabilitación dos elementos especiais de madeira e reixas e ao mantemento da envolvente exterior dos inmobles da cidade histórica de Santiago. A través destas axudas búscase ademais apoiar a mellora da eficiencia enerxética e o illamento acústico dos edificios. O organismo destinará 600.000 €, o dobre da cantidade da convocatoria de 2020. O prazo para solicitar estas axudas remata o 21 de febreiro.



Licítase a redacción do Plan Especial de Protección e Rehabilitación da igrexa, hospital psiquiátrico e mosteiro de Conxo

O Consorcio de Santiago licitou a redacción do Plan Especial de Protección e Rehabilitación da igrexa, hospital psiquiátrico e mosteiro de Conxo; incluíndo os seus xardíns e hortas, zonas de acceso e núcleos do contorno (PE-1R), co ámbito delimitado polo vixente Plan Xeral de Ordenación Municipal. O importe global do contrato ascende aos 201.770,76 €. Unha vez adjudicado este servizo, prevese un período de execución de 24 meses.



Avanzan as obras de instalación dunha cuberta telescópica nas piscinas de Sar

As obras de instalación dunha cuberta telescópica para a piscina exterior do complexo do Multiusos Fontes do Sar atópanse nestes intreos no proceso de cimentación, colocando os pilotes a 9 metros de profundidade, para poder posteriormente montar enriba a estrutura. A nova cuberta resolverá os problemas de mantemento, estabilidade e eficiencia enerxética do antigo globo removible.



EXPOSICIÓN |

Continúan as visitas comentadas á exposición do Café Derby

O Concello de Santiago está a organizar visitas comentadas á exposición “*Memorias do Café Derby (1929-2020)*”, na Casa do Cabido. Son os venres ás 18:00 h e os domingos ás 12:00 h, ata o 13 de febreiro, data de clausura da mostra, cun aforo máximo de 10 persoas por visita. Están guiadas polos comisarios, Ana Castro e Fernando Franjo. Os interesados deben enviar un correo a visitasguiadas@consorciodesantiago.org.

MÚSICA |

Febreiro musical coa Real Filharmonía de Galicia

O mes de febreiro comezará “Arredor do piano”, con Lars Vogt á fronte da Real Filharmonía de Galicia e interpretando ademais o *Concerto para piano nº 5 “Emperador”* de Beethoven, o día 3 en Santiago e o 4 en Vigo. Logo chegará “Unha postal desde Venecia”, da man do mestre Enrico Onofri e a soprano Francesca Aspromonte, o 10 en Santiago e o 11 en Ferrol. Os escolares poderán gozar co espectáculo didáctico “O grande Beethoven”, en colaboración co Servizo Educativo da Casa da Música (Porto), o 16 e 17. E o día 24 regresará Paul Daniel para realizar “Unha viaxe interior” á *Sétima* de Mahler, orquestrada por Joam Trillo.



Lars Vogt dirixirá e tocará o piano coa RFG